



Concello de Covelo

BASES PARA O OBRADOIRO DE EMPODERAMENTO E AUTOESTIMA DA MULLER

A partir da RESOLUCIÓN do 19 de decembro de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria no ano 2020 (códigos de procedemento SI435B, SI435A, SI427B e SI435C), ao Concello de Covelo se lle concede en base ao *Programa de sensibilización, información e difusión sobre igualdade e prevención da violencia contra as mulleres (procedemento SI435C) o proxecto Obradoiro de empoderamento da muller* incluído dentro da medida descrita no Artigo 9.1.b): Actuacións de sensibilización e concienciación en materia de igualdade e/ou prevención e loita contra a violencia de xénero dirixidas a toda a cidadanía.

Este Obradoiro, sobre a autoestima e empoderamento da muller ten os seguintes obxectivos:

- Empoderar as mulleres de Covelo.
- Empoderar as mulleres vítimas
- Presentar exemplos de mulleres fortes e valentes.
- Sensibilizar as mulleres na necesidade dun cambio do seu papel na sociedade.

1. OBXECTO

Establecer os criterios básicos a seguir na selección do alumnado do obradoiro: Empoderamento e autoestima da muller:

2. TEMPORIZACIÓN

Días: Mércores 16 e 23 evenres 18 e 25 de setembro

Horario: das 17h a 20h

12 horas

3. REQUISITOS MÍNIMOS PARA PARTICIPAR NOS CURSOS.

Poderán participar no proceso de selección aquelas persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar desempregadas e inscritas como tal no Servizo Público de Emprego de Galicia. No suposto que a totalidade de prazas nas accións formativas non se cubran con persoas en situación de desemprego, poderán ofertarse para súa cobertura a persoas traballadoras en activo, e se quedaran prazas, o resto das persoas solicitantes por orden de inscrición.
- Residir no Concello de Covelo ten prioridade aplicándose aos puntos anteriores (estas condicións acreditaranse mediante a comprobación do Padrón Municipal de habitantes previa autorización da consulta pola persoa interesada).

Estes requisitos e demais condicións para o acceso aos cursos, deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de admisión de solicitudes e han de ser acreditados xunto coa solicitude.

4. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN E CRITERIOS DE SELECCIÓN

Concello de Covelo

Praza Mestre Cerviño, 2, Covelo. 36872 Pontevedra. Tfno. 986 650 027. Fax: 986 650 131



Cod. Validación: 9NG5R7YEY9PKLRCX75XPMGA | Corrección: <https://covelo.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



Concello de Covelo

4.1.- CONVOCATORIA PÚBLICA

Para o proceso de selección do alumnado procederase á convocatoria pública a través da exposición deste documento no Taboleiro de Edictos Municipais, na páxina web do Concello e a través doutros medios publicitarios si se considera oportuno.

Accederase o curso por orde de inscrición, seguindo os requisitos do apartado 3.

4.2.- ENTREGA DE SOLICITUDES

4.2.1.-As persoas que estean interesadas en participar deberán aportar a seguinte documentación

- Solicitud de inscrición
- Fotocopia do DNI
- Copia da demanda de emprego actualizada
- Certificado ou volante de empadramento.(Autorizar a consulta)

A documentación deberá entregarse no Rexistro das oficinas dos servizos sociais do Concello de Covelo.

As persoas que desexen máis información sobre as accións formativas e/ou a documentación a aportar poden poñerse en contacto cos servizos sociais Concello de Covelo, teléfono 986 650 027 Ext. 3

4.2.2.- Prazo de inscrición:

- Prazo de SOLICITUDE E RESERVA DE PRAZA: Do 4 ó 11 de setembro 2020.
- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS: 14 de setembro 2020

O prazo de presentación de solicitudes poderá ampliarse en función de calquera incidencia que se produza, sempre co obxectivo de mellorar o propio procedemento e os obxectivos de formación

4.2.3.- Rematado o prazo e presentación de solicitudes, publicarase no Taboleiro de Edictos Municipais e na páxina web do Concello a relación de candidatos admitidos, así como as persoas que queden en reserva e que poderán incorporarse ante baixas que se produzan, sempre que non houbera transcorrido o 20% das horas lectivas do curso.

No caso de que a persoa seleccionada non estea interesada en realizar o curso deberá acudir as oficinas do Concello para firmar a renuncia ao mesmo.

5. DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO

DEREITOS DO ALUMNADO:

- o A recibir a formación teórico/práctica, segundo o programa do curso.
- o A recibir o material didáctico necesario para a impartición do curso.
- o A recibir un diploma acreditativo cando remate o curso con aproveitamento e asistise ao 80% das horas lectivas do curso.





Concello de Covelo

DEBERES DO ALUMNADO:

- o Asistir e seguir con aproveitamento o curso. Os alumnos poden ter **dúas faltas de asistencia ao mes sen xustificar**; si acumulan máis causarán baixa no curso. As faltas xustificadas e sen xustificar non poderán superar o 20% das horas lectivas, neste caso o alumno tamén causará baixa.
- o Presentar os xustificantes das faltas a docente.
- o Participar no desenvolvemento das clases e non entorpecer o normal desenvolvemento do curso.
- o Utilizar correctamente a maquinaria e medios didácticos, así como as instalacións dondo se imparte o curso
- o Nos cursos que se inclúe un módulo de prácticas en empresa, estas serán obrigatorias. O alumnado que non asista ao módulo de prácticas non levará diploma aínda que asistiran a todos os módulos de clases teóricas.

6.CERTIFICADO DE PARTICIPACIÓN

O Concello de Covelo expedirá o correspondente diploma ao alumnado que finalice o curso con aproveitamento e asista ao 80% das horas lectivas (presenciais) do curso.

Cando unha persoa cause baixa por colocación e non teña dereito a diploma, expediráselle un certificado de asistencia no que figurarán as horas e os módulos aos que asistiu.

O mando e asino, en Covelo, na data que figura na marxe.

O ALCALDE

Asdo. Juan Pablo Castillo Amigo

(Documento asinado electrónicamente)

Concello de Covelo

Praza Mestre Cerviño, 2, Covelo. 36872 Pontevedra. Tfno. 986 650 027. Fax: 986 650 131



Cod. Validación: 9NG5RK7YEY9PKLRCX7SXPMGA | Corrección: <https://covelo.sedelectronica.es/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3